

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Benestar Social

Bases reguladoras da concesión de axudas á escolarización para o curso 2019-2020

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2019-2020

1.-Obxecto.

O obxecto destas bases é dar resposta ás necesidades escolares dos/as nenos/as do concello de Ferrol cuxas familias manifesten estar a ter dificultades económicas que lles impida facer fronte aos gastos que se presentan ao inicio dun novo curso escolar, e especialmente naqueles supostos nos que os nenos e nenas da cidade formen parte de unidades familiares vítimas de violencia de xénero para as que estas bases establece requisitos de especial protección.

A axuda vai dirixida ás persoas menores de idade que residan en Ferrol e estean matriculados nun centro de ensino da cidade e que cursen: Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional Básica (nas súas diferentes modalidades) e Formación Profesional de Grao Medio.

A contía da axuda será de 95 € por neno/a.

2.-Beneficiarios/as.

Unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados nos centros de ensino (públicos e concertados) da cidade de Ferrol nos que se impartan estudos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, e Formación Profesional Básica e de Grado Medio e reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a unidade familiar:

- O pai e nai non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos que figuren empadroados e residan no domicilio familiar, solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha discapacidade ou se encontren en situación de desemprego.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.
- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa. Non obstante, se fose o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.
- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.
- A condición de familia monoparental entenderase cando formen parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao sustento do menor.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o destinatario da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

No suposto de acollemento, o destinatario da axuda será a persoa ou persoas que a teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.

En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

3.-Requisitos.

As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado e residir no Concello de Ferrol.
2. Convivir cos menores para os que se solicita a axuda
3. Que os menores estean matriculados (ou en todo caso ter reserva de praza) en centros escolares públicos ou concertados do termo municipal de Ferrol e cursen educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, e formación profesional básica e de grado medio
4. Cuantificaránse todos os ingresos económicos da unidade familiar e non superarán os máximos establecidos nas bases (non se cuantificará como ingresos a prestación de fillo a cargo do INSS)
5. Presentar a solicitude e a documentación requirida en tempo e forma establecida polo Concello de Ferrol
6. Entregar xunto co resto da documentación, o ANEXO I (declaración responsable)
7. Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coas facendas económica e estatal así como da Tesourería da Seguridade Social (ANEXO II).

4.-Solicitudes e prazo.

Os/as solicitantes deberán presentar a súa instancia coa documentación requirida en cada caso, no Rexistro Xeral do concello ou tramitala por calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia, publicación que se levará a cabo a través da Base Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. As bases completas publicaranse no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Ferrol, así como todas as demais resolucións desta convocatoria.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, aprobarase unha listaxe de solicitantes admitidos e excluídos con indicación dos motivos de exclusión, determinando, de ser o caso, un prazo de 10 días hábiles para a subsanación da documentación.

Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido nestas bases.

As solicitudes avaliaranse segundo a situación social e económica das familias.

Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido e ao longo de todo o curso escolar, cando con posterioridade á finalización de dito prazo concurra algunha das seguintes circunstancias:

- Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, o que deberá acreditarse coa presentación de certificado escolar, inscrición no padrón municipal u outra documentación suficientemente xustificativa.
- Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse mediante a documentación xudicial correspondente.
- Cambios na situación sociofamiliar que teñan como consecuencia o risco social dos menores, que será xustificada por informe técnico municipal acreditativo de dita situación

Estas solicitudes presentadas fóra de prazo por causa sobrevida deberán cumprir os memos requisitos desta convocatoria e achegar toda a documentación preceptiva. Ademais mediante cita previa, os solicitantes deberán acudir á unidade básica de traballo social de referencia para que a posible situación sobrevida sea valorada polo persoal técnico dos servizos municipais, que emitirán un informe técnico que se incluírá no expediente da persoa interesada.

Os/as técnicos/as de referencia indicaránlles a documentación que deben presentar polos medios sinalados estas bases. Unha vez recibida, e se é insuficiente ou está incompleta, requerirase ao interesado para que nun prazo de 10 días hábiles subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Transcorrido ese prazo sen que o interesado teña realizada a subsanación correspondente, dita solicitude entenderase desestimada.

5.-Documentación.

Terán que presentar a documentación que se relaciona a continuación todos os membros da unidade familiar, segundo o punto 2, e que sexan maiores de 18 anos.

A documentación preceptiva a presentar coa solicitude é a seguinte:

1.–Modelo normalizado de solicitude completamente cuberto no que se especificará o nome do/a dos/as menor/es, o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa de axuda.

2.–Declaración responsable segundo o anexo I e anexo II debidamente cumprimentado.

3.–Fotocopia completa do libro de familia.

4.–Fotocopia da última declaración do IRPF, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar maiores de 18 anos.

No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda ou autorizar a o Concello de Ferrol á consulta deses datos segundo modelo autorizado (Anexo III) asinado por todos os integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos.

5.–Informe da vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social, ou organismo que corresponda no caso de persoal funcionario. No caso de telo solicitado presentárase a copia do xustificante da mencionada solicitude e o informe achegarase á solicitude en canto sexa emitido e recibido.

6.–Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte en vigor da persoa solicitante.

7.–En caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador. En situacións de non pagamento, copia da solicitude da execución de sentenza presentada perante o Xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

8.–En caso de unións de feito con fillos/as recoñecidos, copia da sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificantes das achegas económicas establecidas na mencionada sentenza. En situacións de non pagamento, copia da solicitude de execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

En situacións de impago nos casos 7 e 8, presentárase copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. De non presentar dita documentación, considerarase que se está recibindo a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.

9.–En caso de que os/as menores estean en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, se é o caso, a contía da remuneración.

10.–Xustificantes de ingresos.

a) Traballadores/as en activo:

a.1) Traballadores/as por conta allea.

- Fotocopia das tres últimas nóminas.

a.2) Traballadores/as autónomos:

- Fotocopia de pagamentos a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2019, para empresarios ou profesionais.

b) Pensionistas:

- Xustificante da pensión/s mensual (INSS, ISM, clases pasivas, outros).

c) Demandantes de emprego con prestación/subsidio:

- Certificado de prestacións do INEM dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.

d) Demandantes de emprego sen prestación:

- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.

e) Perceptores/as de RISGA.

- A documentación figura no departamento de Servizos Sociais, polo que non terán que achegar xustificante da contía mensual.

f) Acollemento familiar remunerado.

- Xustificante da contía mensual da prestación.

g) Salario da liberdade.

- Xustificante da contía mensual da prestación.

Nos supostos de acollemento, o/a destinatario/a da bolsa de axuda será a persoa ou persoas que teñan resolución administrativa ou auto xudicial desta.

O empadramento e convivencia comprobarase de oficio dende o departamento de Servizos Sociais.

6.-Criterios de valoración.

As solicitudes valoraranse tendo en conta o seguinte criterio económico:

6.1. Baremo económico.

No baremo económico terase en conta o 1,5 veces o IPREM, incrementando un 15% por cada novo membro e cun límite de 1.411.03 €, segundo o seguinte baremo:

N.º de membros	Contía
- 2	806,76 €
- 3	927,77 €
- 4	1.066,94 €
- 5	1.226,98 €
- 6	1.411,03 €

7.-Tramitación e resolución das solicitudes.

O procedemento de tramitación das solicitudes seguirá as seguintes canles:

- 1) As solicitudes serán avaliadas polo persoal técnico dos Servizos Sociais.
- 2) Unha vez avaliadas a concelleira delegada da Área de Servizos Sociais resolverá a publicación da listaxe provisional das resolucións, que se publicará no taboleiro do Concello, nos distintos centros de Servizos Sociais e na páxina web do Concello de Ferrol.
- 3) Unha vez publicadas establécese un prazo de 10 días naturais para presentar reclamacións sobre as resolucións efectuadas.
- 4) Unha vez resoltas todas as reclamacións, a resolución definitiva que se adopte e a relación de solicitudes admitidas serán publicadas na mesma forma que a resolución provisional. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 40 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude, segundo o disposto na Lei 39/2015 mencionada anteriormente, e en cumprimento da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Poderase revogar a concesión da axuda se se produce algún dos seguintes supostos:

1. A ocultación de información, se esta condicionou a concesión da axuda.
2. A alteración das circunstancias alegadas que motivaron a súa concesión.
3. Quedan excluídas aquelas persoas das que se teña constancia no departamento de Benestar Social de que fixeran uso fraudulento das axudas sociais municipais.

Nos mencionados vales irán reflectidas as cantidades concedidas que se cambiarán en calquera establecemento comercial pertencente ao Concello de Ferrol que acepte o mencionado vale.

8.-Orzamento.

O gasto total para o curso 2019-2020 ascende a 85.291,32 €.

Para facer fronte a estas axudas existe crédito suficiente na seguinte partida: 04001 3263 48000 do exercicio presupostario 2019.

Sempre que houbese dispoñibilidade orzamentaria e o número de solicitudes así o demandase, a contía antes indicada poderá ser incrementada

9.-Recursos e impugnacións.

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma prevista na Lei 93/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As reclamacións ás listas provisionais e definitivas publicadas rexeranse polo establecido nestas Bases.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol, 18 de xuño de 2019.

O alcalde

Asdo.: Ángel Mato Escalona

SOLICITUDES AXUDAS ESCOLARIZACIÓN CURSO 2019-2020

Solicitante:		
Nome e apelidos		
DNI:		
Enderezo:		
Teléfono:		
Menores:		
Nome e apelidos		Data nacemento

Persoa perceptora de RISGA	SI	NO
Persoa perceptora de acollemento familiar	SI	NO
Persoa perceptora de cuidados no entorno cuidador/a familiar	SI	NO

Aos efectos do disposto na Lei orgánica 15/99 de 13 de decembro de protección da datos de carácter persoal, o/a asinante autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á xestión deste expediente. Que a finalidade para a que se utiliza o tratamento dos seus datos é para a xestión da súa solicitude e dar cumprimento á normativa aplicable. A/o asinante poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que é responsable o Concello de Ferrol, nos termos da normativa vixente.

Ferrol, ... de ... de 2019.

O/a solicitante

Asdo.:

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO I

As persoas asinantes declaran:

- Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria para a que solicitan a axuda.
- Que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade.
- Que quedan informados/as das de que a inexactitude das circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda.
- A non presentación de documentación no prazo sinalado na convocatoria será motivo de denegación.

Ferrol,

Asdo.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/dona

con DNI/NIE/NIF

DECLARA:

1. Que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración municipal.
2. Que non está incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Ferrol,

O/a interesado/a

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE FERROL POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) OU PATRIMONIO

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol,

2019/4928